



Obxecto:	Solicitud Informe Estudio de Impacto Ambiental (EIA) e Proxecto de Interese Autonómico (PIA)
Proxecto:	Parque Eólico Monte Festeiros
Localización:	Forcarei e Silleda (Pontevedra)
Promotor :	AV Monte Festeiros S.L.U.
Remitente:	Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra. Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
S/clave:	IN661A 2011/2-4
Data rexistro:	10.01.2022
Expediente :	03.I.394.2022.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA 998/2011 (Servizo de Arquitectura)

O 10.01.2022 entrou no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia, un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, no que de acordo co artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, se comunica o trámite de consultas e se solicita que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (en diante, DXPC) emita o correspondente informe sobre os documentos sinalados na cabeceira.

A tales efectos achéganse os enlaces para descargar os documentos: *Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Monte Festeiros. 48 MW, setembro 2021* e *Proxecto de Interese Autonómico PE Monte Festeiros, setembro 2021*, no termos municipais de Forcarei e Silleda (Pontevedra).

ANTECEDENTES:

En relación co proxecto de referencia, atópanse nesta DXPC os seguintes antecedentes:

- O 15.03.2011 a DXPC autorizara o arqueólogo Santiago Vázquez Collazo para realizar unha prospección arqueolóxica para o Estudo de Impacto sobre o Patrimonio Cultural (EIPC) do Parque eólico Monte Festeiros, nos concellos de Silleda e Forcarei, provincia de Pontevedra (cód.CT 102A 2011/115-0)
- O documento "*Parque Eólico Monte Festeiros. Documento de inicio de avaliación ambiental. Marzo 2011*", foi informado pola DXPC o 08.03.2012. No dito informe, respecto da afección visual sobre o Mosteiro de Acibeiro, solicitábase un estudo específico de visibilidade do parque eólico baseado en simulacións gráficas.
- Os documentos "*Parque Eólico de Monte Festeiros. Estudo de impacto ambiental. Novembro 2011*" e "*Simulación gráfica desde o Mosteiro de Acibeiro. Parque eólico de Monte Festeiros. Abril 2012*", foron informados pola DXPC o 24.05.2012. No dito informe requiríase o desprazamento da posición dos aeroxeradores MF-02, MF-14 E MF-15, así como vieiros e gabias de nova traza, fóra dos ámbitos de protección de bens de carácter arqueolóxico.
- O documento "*Estudo de impacto sobre o patrimonio cultural. Anexo memoria técnica*", informado de xeito favorable pola DXPC o 19.12.2012. No dito informe indicábase que as modificacións propostas se axustaban ás consideracións establecidas no informe antedito do 24.05.2012, establecendo condicionantes a incluír na Declaración de impacto ambiental.
- O 12.06.2013 a Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) do proxecto de Parque Eólico Monte Festeiros, nos concellos de Silleda e Forcarei (Pontevedra). Clave 2011/0123.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Disposicións legais a ter en conta en relación co patrimonio cultural:

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)*





- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)*
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20, do 01.02.2021)*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)*
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)*
- *Decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm. 242, do 01.12.2020)*

Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:

Estudo de impacto ambiental (EIA)

- O documento recolle a valoración ambiental do proxecto do PE Monte Festeiro, localizado nos termos municipais de Forcarei e Silleda (Pontevedra), dentro da II-10-3 ADE Monte Festeiros Zona 1.
- Na análise de alternativas sinálase que se analizaron tres opcións (1, 2 e 3), e que a alternativa elixida foi a Alternativa 3, ao considerar que ten unha menor afección sobre o medio e garante a protección medioambiental segundo se recolle no documento.
- O obxecto do proxecto é a construción dun parque eólico de 48 MW de potencia total, composto de 10 aeroxeradores de distinta potencia e dimensións: dous de 3 MW de potencia nominal, 82 m de altura de buxa e 136 m de diámetro de rotor; dous de 4,20 MW, 82 m de altura de buxa e 136 m de diámetro de rotor; un de 5,60 MW, 105 m de altura de buxa e 150 m de diámetro de rotor; e cinco de 5,60 MW, 125 m de altura de buxa e 150 m de diámetro de rotor.
- Ademais o parque conta coa seguinte infraestrutura asociada: vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, cimentacións de aeroxeradores, gabias de cableado e rede de terras, arquetas de rexistro, zonas de provisión, zonas de xiro, dúas torres meteorolóxicas de 82 e 125 m de altura e unha subestación eléctrica (SE).
- A rede de media tensión do parque eólico está formada polos seguintes elementos: tres liñas de 30 kV para conectar os aeroxeradores entre si e coa subestación "Monte Festeiros", desde esta canalízase a enerxía do parque á subestación colectora "Arela" a través dunha liña de evacuación, xunto coa do parque eólico Outeiro Grande 132/400 kV. Desde esta subestación colectora e mediante unha LAT transportarase a enerxía ao SET Silleda 400kV.
- O acceso está previsto desde a estrada PO-534, que une Folgoso e Laro, sen que figure grafado o percorrido elixido. Descríbense dous accesos, un que parte do PQ 19,5 por vía asfaltada que conduce a Lamasgalán e Taboadela (aeroxeradores A01, A02, A03, e torre meteorolóxica TM-1) e o outro que parte do PQ 17, desde o que se toma a EP- 6503 cara ao resto das infraestruturas.
- A identificación dos bens que conforman o patrimonio cultural, e en particular os elementos do patrimonio arqueolóxico, a valoración do impacto que poden sufrir, e as medidas correctoras a adoptar para salvagardalos analízanse nos subapartados 5.13. *Patrimonio cultural*, 6.6.9. *Impacto Sobre o Patrimonio Cultural e Contemplación da Paisaxe* e no *Anexo III Estudo de Impacto sobre o Patrimonio Cultural*, que acompaña ao ESIa como documento independente.
- O Anexo III, *Estudio de impacto sobre o Patrimonio Cultural*, ten como base o realizado en 2012 a través dunha prospección arqueolóxica dirixida polo arqueólogo Santiago Vázquez Collazo, que agora foi revisado e actualizado polo arqueólogo Jesús Pablo Vaamonde Díaz, da empresa Ambiotec Medio Ambiente y Arqueología S.L. Segundo se indica, realizouse o baleirado de toda a información patrimonial da zona de estudo (inventario de xacementos arqueolóxicos do Servizo de Arqueoloxía, catálogos de planeamento, análise de toponimia, Plan Básico Autonómico - PBA-,...). Como resultado do anterior elabóranse as fichas dos bens localizados na zona de estudo, no subapartado 4.4.1. do anexo recóllense as fichas do patrimonio arqueolóxico.





No apartado 5, *Valoración de Impactos*, no subapartado 5.2.1., preséntanse nunha táboa os impactos sobre o patrimonio arqueolóxico que engloba as tres alternativas. Recóllese na táboa que segue a alternativa elixida, a 3, coas medidas correctoras específicas que se propoñen:

Elemento	Axente de impacto	Impacto	Medidas correctoras específicas
Mámoa do Mouro Negro GA36018024	Plataforma do aeroxerador MF.02 no límite dos 200 m ao oeste do ben	Sen impacto	
Rega das Neveiras GA36018048	Vieiro de acceso a máis de 200 m ao oeste do ben.	Sen impacto	
Suaneveira GA36018049	Vieiro de acceso aos aeroxeradores MF-02 e MF-03 con obras de acondicionamento está no límite dos 200 m ao oeste do ben.	Sen impacto	
Mámoa da Saupica GA36018108	Vieiro de acceso aos aeroxeradores da aliñación occidental a máis de 200 m ao oeste do ben.	Sen impacto	
Mámoa de Penido 1 GA36052051	Gabia de cableado que transporta a enerxía dos aeroxeradores MF-01, MF-02 e MF-03 á Subestación, a 30 m ao oeste do ben.	Moderado	Balizado do ben de forma conxunta coa Mámoa de Penido 2 (GA36052105) e Mámoa da Chousa do Muiño (GA36052055). Control e seguimento arqueolóxico de todas as remocións de terra no ámbito de actuación.
Mina ou Buraco dos Mouros GA36052052	A máis de 200 m da gabia de cableado ao SE do ben, que transporta a enerxía desde aliñación occidental á Subestación.	Sen impacto	
Mámoa da Chousa do Muiño GA36052055	O ben sitúase a 42 m ao NO da gabia de cableado que transporta a enerxía da aliñación occidental á Subestación.	Moderado	Balizado do ben de forma conxunta coa Mámoa de Penido 2 (GA36052105) e Mámoa de Penido 1 (GA36052051). Control e seguimento arqueolóxico de todas as remocións de terra no ámbito de actuación.
Mámoa da Braña GA36052056	O ben sitúase a máis de 200 m ao SE da gabia de cableado que transporta a enerxía da aliñación occidental á Subestación.	Sen impacto	
Mámoa da Pallota 1 GA36052063	O ben sitúase a 41 m do vieiro de acceso á aliñación oriental e Subestación.	Moderado	Balizado. Control e seguimento arqueolóxico intensivo.
Mámoa do Penido 2 GA36052105	O ben sitúase a 79 m ao NE da gabia de cableado que transporta a enerxía da aliñación occidental á Subestación.	Moderado	Balizado do ben de forma conxunta coa Mámoa de Penido 1 (GA36052051) e Mámoa da Chousa do Muiño (GA36052055).
Mámoa de Penido 3 GA36052106	O ben sitúase a 175 m ao NE da gabia de cableado que transporta a enerxía da aliñación occidental á Subestación.	Compatible	Control e seguimento arqueolóxico.
Mámoa de Penido 4 GA36052107	O ben sitúase a 141 m ao NE da gabia de cableado que transporta a enerxía da aliñación occidental á Subestación.	Compatible	Control e seguimento arqueolóxico.
Mámoa da Pallota 2 GA36052108	O ben sitúase a 18 m ao E do vieiro de acceso á aliñación oriental e Subestación.	Moderado	Balizado. Control e seguimento arqueolóxico intensivo.
Mámoa das Porqueiras GA36052110	A máis de 200 m ade calquera infraestrutura do parque eólico	Sen impacto	
Mámoa de Penido 4 GA36052129	O ben sitúase a máis de 200 m ao norte do aeroxerador MF-04.	Sen impacto	
Túmulo da Eira dos Mouros GA36052131	O ben sitúase a máis de 200 m ao norte da gabia de cableado que transporta a enerxía da aliñación occidental á Subestación.	Sen impacto	
Petróglifo da Eira dos Mouros	A máis de 200 m ao norte de calquera infraestrutura que forme parte do EslA do	Sen impacto	





GA36052132	parque eólico Montefesteiros.		
Mámoa da Eira dos Mouros GA36052133	A máis de 200 m ao norte de calquera infraestrutura que forme parte do Esla do parque eólico Montefesteiros.	Sen impacto	
Achado Eira dos Mouros GA36052ACH7	O ben sitúase a 242 m ao NW da gabiá de cableado que transporta a enerxía da aliñación occidental á Subestación.	Sen impacto	
Achado Fontefiás GA36052A032	A máis de 200 m ao NO da gabiá de cableado que transporta a enerxía da aliñación occidental á Subestación.	Sen impacto	
Achado Fontiña de Chao GA36052ACH3	Está a 151 m ao SW da vía entre os aerogeradores 4 e 5.	Compatible	Aínda que na táboa de relacións de impactos se recolle que non hai impacto, nas medidas correctoras recoméndase o balizado e control e seguimento arqueolóxico intensivo.
Achado Rego de Puza GA36052ACH31	A 677 m do acceso á aliñación oriental do parque e a Subestación,	Sen impacto	

En relación cos bens etnolóxicos identificados neste anexo III (*Regueiro do Foxo e posibles neveiras de Serra das Penas*), as distancias á obra son as mesmas para as 3 alternativas e o arqueólogo considera que non existe impacto, polo que non establece medidas correctoras específicas para estes elementos.

- No apartado 6, *Proposta de medidas correctoras*, formula como medidas cautelares de carácter xeral as seguintes:
 - Información aos responsables da obra, mediante cartografía, da situación de tódolos elementos do patrimonio cultural do ámbito e os seus contornos de protección.
 - Restrición das áreas de protección para a localización de todo tipo de instalacións asociadas (aparcamentos, acopios, instalación de casetas, vertedoiros...).

Ademais das medidas cautelares de carácter xenérico propóñense varias medidas cautelares de carácter específico entre as que están as seguintes:

- Control e seguimento arqueolóxico en tódalas remocións de terras no ámbito da actuación.
- Comunicación ao equipo de control arqueolóxico do emprazamento das zonas de préstamo, parques de maquinaria, viarios de acceso, instalacións auxiliares, vertedoiros e hipotéticas modificacións do proxecto. No caso de que estas poidan afectar a elementos patrimoniais deberá informarse á DXPC.
- Balizar o límite da área de cautela conxunta da Mámoa de Chousa do Miño (GA35052055), Mámoa de Penido 1 (GA36052051) e Mámoa de Penido 2 (GA36052105); sempre polo lado oposto do camiño polo que discorre a gabiá.
- Recoméndase realizar un control e seguimento arqueolóxico intensivo sobre os traballos proxectados no ámbito de protección das mámoas da Pallota 1 (GA36052063) e II (GA36052108); así como da contorna do achado GA32052ACH3; ámbitos que ademais serán balizados.
- Paralización inmediata das obras, ante posibles achados, que deberán ser comunicados á DXPC, para formular as medidas correctoras oportunas.

Proxecto de Interese Autonómico

- O proxecto de interese autonómico estuda o ámbito de afección desde o punto de vista urbanístico e territorial e ten como finalidade regular con detalle a implantación do parque eólico.
- No subapartado que fai referencia ao patrimonio cultural faise referencia a que no ámbito do parque recóllense só os códigos de 16 bens catalogados fronte aos 23 recollidos no Estudo de Impacto Patrimonial; todos eles de carácter arqueolóxico e que se corresponden cos seguintes bens: Mámoa do Mouro Negro (GA36018024), Rega das Neveiras (GA36018048), Mámoa de Monte Saupica (GA36018108), Mámoa de Penido 1 (GA36052051), Mina ou Buraco dos Mouros



(GA36052052), Mámoa da Chousa do Muíño (GA36052055), Mámoa da Braña (GA36052056), Mámoa da Pallota 1 (GA36052063), Mámoa de Penido 2 (GA36052105), Mámoa de Penido 3 (GA36052106), Mámoa de Penido 4 (GA36052107), Mámoa da Pallota 2 (GA36052108), Mámoa das Porqueiras (GA36052110), achado Eira dos Mouros (GA36052ACH7), achado de Fontefiás (GA36052A032), Mámoa do Coto do Lodo (GA36052054), achado Rego de Puza (AC36052031).

- No Anexo 1 Documentación ambiental inclúese o Documento de síntese do EIA onde se recollen as táboas cos elementos, avaliación de impactos e medidas correctoras propostas, resultado da actualización dos traballos de prospección arqueolóxica realizados no ano 2011.

Unha vez analizados os documentos pódense facer as seguintes **consideracións técnicas**:

- O proxecto de parque eólico Monte Festeiros en tramitación é unha modificación do parque eólico informado favorablemente pola DXPC o 24.05.2012 e o 19.12.2012, mantendo a potencia total de 48 MW coa redución do nº de aerogeradores de 16 a 10 e polo conseguinte co cambio de modelo de máquina e modificación da súa altura total, pasando de 150 m a 200 m en catro máquinas e 180 m en dúas máquinas e mantendo os 150 m nas catro restantes.
- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o planeamento municipal, o PBA e os visores do Instituto de Estudos do Territorio constátase que na zona de afección do parque eólico existen bens do patrimonio cultural que poderían verse afectados polas obras das infraestruturas e os seus accesos.

Respecto ao **patrimonio arqueolóxico**:

- Os traballos de actualización da prospección arqueolóxica EIPC recollidos no Anexo III do EIA *Estudo de Impacto sobre Patrimonio Cultural*, fan mención a unha revisión da memoria técnica da prospección antes citada e ao Catálogo do Patrimonio Cultural da DXPC, así como aos planeamentos dos Concellos de Forcarei e Silleda. O resultado é unha relación de elementos arqueolóxicos, arquitectónicos e etnográficos dentro da poligonal do parque eólico e os seus accesos. No EIPC os datos de cada ben recóllense na súa correspondente ficha, e cómpre indicar que as coordenadas UTM (EPSG:25829-ETRS89/UTM zone 29N) de algúns deles non se corresponden cos datos que figuran na DXPC nos casos que seguen:
 - Mámoa da Chousa do Muíño (GA36052055), no EIPC X=558985, Y=4722390; na DXPC X= 558968, Y=4722480.
 - Mámoa de Penido 2 (GA36052105), no EIPC X=559499, Y=4722542; na DXPC X=559497, Y= 4722521.
 - Mámoa da Pallota 1 (GA36052063), no EIPC X=560166, Y=4720991; na DXPC X=560170, Y= 4720960.
 - Mámoa da Pallota 2 (GA36052108), no EIPC X=560195, Y=4721046; na DXPC X=560199, Y= 4721040.
- Dentro das alternativas propostas, os impactos da elixida (neste caso a 3) non están analizados de forma independente e pormenorizada. As descrições das obras do parque con respecto aos bens catalogados non están clarificadas nun apartado específico das fichas do EIPC senón como meras observacións da comparativa de alternativas no EIA.
- Aínda que se concreta o acceso ao parque eólico dende fóra da poligonal, non así as actuacións que serán necesarias para acondicionar estes accesos, polo que non se pode valorar as afeccións aos elementos do patrimonio cultural que poidan verse afectados polas actuacións de adecuación dos accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc).
- Podería haber elementos afectados pola liña de evacuación do parque que, aínda que non aparecen grafados na planimetría, si se describe a súa traza na documentación aportada.
- Segundo se deduce da documentación presentada, as obras que xerarían maior impacto serían as de construción da gabiá de cableado dende os aerogeradores MF-01, MF-02 e MF-03 á Subestación na contorna das Mámoas de Penido e Eira dos Mouros, e, por outra banda, as de acondicionamento da vía de acceso á aliñación leste do parque eólico, situada na contorna inmediata das Mámoa da Pallota 1 e 2 (GA36052063 e GA36052108).



Respecto ao patrimonio arquitectónico e etnolóxico:

- No concello de Forcarei e próximo ao parque eólico, cara ao sur, sitúase o Mosteiro de Santa María de Acibeiro, declarado monumento por Decreto de 03.06.1931 (GAC do 04.06.1931) e con consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) pola disposición adicional primeira da Lei 16/85, do 30 de xuño, do Patrimonio Histórico Español. Parte da poligonal do parque eólico incide no seu contorno de protección, delimitado por Decreto 22/2000 de 28 de xaneiro (DOG do 09.02.2000).
- A afección visual a este mosteiro xa foi obxecto de análise no proxecto inicial. Agora proxéctase a implantación do aeroxerador A02 nunha posición non informada anteriormente pola DXPC e que se sitúa máis próxima ao mosteiro, aumentando de xeito significativo a afección visual sobre este senlleiro monumento. Aínda que a máquina non invade o contorno delimitado do BIC, vén e a incrementar o impacto visual e paisaxístico do territorio que arrodea ao mosteiro.
- Na análise da diversa cartografía e fotografías aéreas pódese apreciar a existencia de valados tradicionais feitos coa técnica de pedra en seco que parcelan fincas. Segundo os planos que figuran nos documentos achegados, as obras dos vieiros e accesos afectarán a algúns destes valados, en especial a aliñación A04-A08.
- Cómpre sinalar que a técnica tradicional de construción de pedra en seco foi incluída no Censo do Patrimonio Cultural de Galicia como manifestación do patrimonio cultural inmaterial pola resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 31.08.2016 (DOG núm. 186, do 29.09.2016) e tamén figura incluída na Lista Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade desde 2018.
- Non se concretan nos documentos as actuacións que será necesario realizar para acondicionar os accesos ao parque eólico fóra da poligonal desde a rede de estradas xerais, polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural (antigos camiños e corredoiras, valados de pedra, muros de peche tradicionais, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) que poidan verse afectados polas actuacións necesarias para adecuar os accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc...).
- Asemade podería haber elementos patrimoniais afectados pola traza da liña de evacuación do parque que, aínda que non se considera obxecto dos documentos informados, figura definida no documento ambiental.
- Respecto ao proxecto sectorial (Setembro 2021), compróbase que os datos que se aportan, no que respecta ao alcance da actuación e localización das infraestruturas do parque eólico, coinciden cos datos do EIA (Decembro 2020-Revisión setembro 2021).

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME

En atención ao expresado nos apartados anteriores, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, ao obxecto de poder continuar coa tramitación e análise do expediente, é necesario ter en conta o seguinte:

Respecto do estudo de impacto ambiental

- Deberá eliminarse o aeroxerador A02, que se localiza próximo ao Mosteiro de Santa María de Acibeiro ou recolocarse noutra zona, como podería ser próximo ao aeroxerador A03 ou aos aeroxeradores da zona leste da poligonal, que non afecte aos demais elementos do patrimonio cultural.





- Verificarase en campo a natureza e tipoloxía dos muros parcelarios afectados polas obras de accesos e plataformas da aliñación A04-A08 e identificaranse aqueles feitos coa técnica tradicional da pedra en seco. Analizarase a súa afección e propóranse medidas correctoras para minimizala.
- Para poder facer unha correcta valoración de impacto deberán verificarse en campo as coordenadas dos bens Mámoa da Chousa do Muíño (GA36052055), Mámoa de Penido 2 (GA36052105), afectados pola construción da gabiá de cableado que conduce a enerxía dende os aeroxeradores MF-01, MF-02 e MF-03 á Subestación; e mais as das Mámoas da Pallota 1 e 2 (GA36052063 e GA36052108), afectadas polo acondicionamento da vía de acceso aos aeroxeradores da aliñación oriental, ao non haber correspondencia entre os datos aportados no EIPC e os que constan na DXPC.
- Dentro das alternativas propostas, as obras e os posibles impactos da alternativa elixida (neste caso a 3) deberán ser descritos, analizados e valorados de forma independente e pormenorizada. As descrições das obras con respecto aos bens arqueolóxicos deberán de estar clarificadas nun apartado específico dentro das fichas do EIPC e non como meras observacións da comparativa de alternativas do EslA. Para avaliar os impactos deberase contar cunha ficha individualizada de cada elemento na que se fará constar as especificacións técnicas e as características construtivas das obras que, de ser o caso, ocasionen os impactos, cualificación dos mesmos, as distancias entre as obras e os bens, e a proposta de medidas protectoras e correctoras específicas.
- Aínda que se indica o acceso ao parque eólico dende fóra da poligonal, non se describen as actuacións que serán necesarias para acondicionar estes accesos, polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural que poidan verse afectados polas actuacións de adecuación dos accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc). Por tanto, avaliarase o impacto que poidan xerar os accesos ao parque dende a rede de estradas xerais, e terase en conta o seguinte nesa avaliación:
 - Consultaranse os catálogos das figuras dos planeamentos en vigor dos concellos afectados polo proxecto, os arquivos existentes na Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais e o Plan Básico Autonómico de Galicia.
 - Delimitaranse os bens do patrimonio cultural e as súas áreas de protección, baseándose no traballo de campo, en planimetría de detalle, en fotografía aérea e, no seu caso, en cartografía catastral. Estas áreas deberán axustarse ao previsto na normativa urbanística vixente nos concellos afectados e subsidiariamente ao disposto no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016).
 - Presentarase planimetría na escala apropiada na que se definan claramente as características dos accesos do proxecto (tramos existentes a modificar e tramos de nova construción) e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc). Cómpre sinalar que se deberán respectar os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural quedando libres de obra nova. A avaliación do impacto do proxecto deberá contar cunha ficha individualizada de cada elemento na que se fará constar as especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto, cualificación do mesmo, a distancia entre as obras e os bens e proposta de medidas protectoras e correctoras.
 - Dentro da poligonal, as obras no viero de acceso aos aeroxeradores da aliñación oriental do parque, situado moi preto dos xacementos arqueolóxicos da Mámoa da Pallota 1 (GA36052063) e Mámoa da Pallota 2 (GA36052108), restrinxiranse a acondicionar a vía existente sen ancheala, especialmente, cara ao lado sueste.
- Sen prexuízo do anterior, amais das medidas protectoras e correctoras xa propostas no estudo de impacto ambiental, adiántanse as seguintes que se deberán ter en conta:
 - Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se





regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).

- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelhadas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá ser presencial, continuo e a pé de obra nos contornos de protección dos bens arqueolóxicos ou calquera outro que poida aparecer durante o transcurso das obras.
- Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade de las obras.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola DXPC.

Respecto do Proxecto de interese autonómico

- Deberán incorporarse as modificacións que se realicen no Estudo de Impacto Ambiental para que teña correspondencia.
- Na planimetría de clasificación urbanística proposta incluíranse e reflectiranse os bens patrimoniais recollidos no Estudo de Impacto Arqueolóxico, así como os seus contornos de protección; e, á espera dunha delimitación de protección específica, o contorno de protección destes definírase de acordo co art. 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia. Así mesmo, establecerase a clasificación de solo rústico de protección patrimonial no seu contorno de protección.
- Os concellos afectados deberán integrar os novos bens patrimoniais nos seus catálogos urbanísticos de protección.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural
M^a Carmen Martínez Insua

Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

